

6 *Guest article*

Fisioloxía de Galicia, unha introdución

Miguel-Anxo Murado
Escritor

Nota dos editores:

Os artigos de escritoras/es convidadas/os, por non seren de cariz estritamente académico, non van acompañados dunha bibliografía. Con todo, todas as fontes mencionadas polo autor están debidamente referenciadas nas notas á marxe.

Intento contar Galicia como un escritor . Intento comprendela, pero non é doado. Atópoa fragmentaria, repartida en libros, fotografías, mapas. Se me descoido, repito un cliché. Se pecho os ollos, estou aló, pero non é exactamente Galicia senón unha parte da miña infancia imaxinada nun lugar preciso: a curva que fai o camiño de Meira a Piñeiro, na provincia de Lugo, o lugar onde, de neno, a paisaxe se dirixiu a min por primeira vez. Os lugares, ao final, ¿qué son senón emocións? Esas emocións pódense racionalizar, e así nace o nacionalismo, un intento de proporcionar un armazón teórico a unhas emocións que son reais, pero que son máis reais que ese armazón que as sostén. É o paradoxo do esqueleto do que tanto escribiu Bergamín. Bergamín pensaba que o ser humano é un esqueleto enmascarado por un corpo que é unha mentira. Pero estaba enganado: o esqueleto é o que queda do ser humano, mais o ser humano é a carne que desaparece.

E da carne de Galicia do que eu quero falar, da súa existencia puramente fisiolóxica. Quero describila na forma en que se presenta, non na forma en que se racionaliza. Quero esquecer todo o que sei de Galicia e concentrarme no que vexo dela cando a miro nas dúas únicas formas en que se presenta espida: no mapa e vista desde un avión.

Galicia foi unha obsesión para calquera escritor da miña xeración. Falábase entón de ‘toma de conciencia’, pero non é na conciencia onde eu sinto a súa presenza. Non teño ningunha dificultade en xulgala, en criticala ou gabala, non é un trauma nin unha condena. Tampouco é un orgullo. É unha parte, unha presenza, como un parentesco. Quero intentar contar Galicia doutra maneira. Recentemente, tenteino nun libro, que é a maneira en que os escritores se falan a si mesmos en voz alta para que outros os escoiten. Agora vouno intentar doutro xeito: mirei Galicia como un obxecto, como un texto, como un corpo, como un ser vivo.

Non encontro nada malo en antropomorfizar un lugar. Os psicólogos converten as vidas en xeografías, ¿por que non se había poder converter a xeografía nunha vida? Non hai nada esencialista neste exercicio, nada místico. Todo o contrario: da miña indagación non se deducirá nada, non se concluirá nada. Tan só a intención de distinguir as partes e ver como se relacionan co todo... É, literalmente, unha contemplación.

* * *

É tentador pensar no espazo como un logo. Despois de todo, un país é sobre todo un mapa. Algúns estados utilizan a silueta do seu mapa como

símbolo, mesmo o poñen na súa bandeira (Chipre), e algúns amosan unha particular fascinación pola súa forma física: o 'hexágono' dos franceses, a 'bota' dos italianos, a 'pel de touro' dos españois... Non en poucos casos, esa silueta non ten nada de inocente: nos selos de correos, Venezuela represéntase a si mesma cunha forma que tan só poden recoñecer os venezolanos, posto que inclúe á Guáiana; o mapa de Israel abrangue os territorios ocupados e o Golán (os mapas delatan o subconsciente dos pobos)... Como todo logo, o mapa vende un produto. O produto non sempre é xenuíno.

No caso de Galicia, o seu logo non naceu ata ben entrado o século XVI. Antes diso é case exclusivamente un nome no recanto do mundo. A *Xeografía* de Ptolomeo descoñecía case completamente a forma de Galicia, e ata ben entrada a modernidade, representábanse, enormes, ata sete illas inexistentes (as Casitérides, as Hespérides) diante da costa. Nos mapas medievais, os chamados 'mapas en T e O', o topónimo 'Galicia' aparece nunha marxe, no exterior dese círculo do mundo que tiña como centro Xerusalén. Para os mariñeiros, os que de verdade navegaban a costa galega, os mapas non tiñan importancia. Para eles abundaba unha lista de nomes de portos e algún debuxo práctico dalgunha ría especialmente difícil de encerrar.

O logo dun país non sempre é un produto xenuíno, dicíamos, pero no caso de Galicia, o país si é en principio o que parece: un espacio acoutado por unha corda montañosa, un mar, un océano, un río y unha isoglosa lingüística... Accidentes xeográficos todos eles menos un, que poderíamos chamar, accidente fonético.

Con todo, son moitas as cousas que creou ese logo do mapa. Pensemos nas rías, por exemplo: o hábito de chamar 'Altas' a unhas e 'Baixas' a outras é produto do mapa, non da realidade. E só ten sentido unha vez que se empeza a usar a agulla de marear e o norte é 'arriba', e só cando o mapa se coloca na parede, non se está sobre unha mesa. A 'raia seca' só existe como negación dunha 'raia húmida' da que o veciño do sur de Pontevedra non tiña por que ter noticia hai séculos. O logo de Galicia, o seu mapa, engánanos mesmo na verdadeira posición que ocupa o país no planeta: Galicia ten, si, a forma dun cadrado, pero ese cadrado está fortemente inclinado cara ao surleste. Por último, a proxección Mercator, a que configurou as imaxes prototípicas dos territorios en todo o mundo, fai engordar Galicia e a afásta enganosamente das Illas Británicas. O mapa require de imaxinación para poder comprender o que realmente di.

Eso si, Galicia está entre o grupo de países afortunados que conseguiron manter ao longo do tempo unhas fronteiras máis ou menos fixas. Os irredentismos (asturianos, leoneses e portugueses) non teñen polo xeral un gran impacto na imaxe que Galicia se ten feito de si mesma. Así, a súa figura no mapa é bastante fixa, non só na actualidade senón ao longo dos séculos. Foille engordando a cara, fóronse perfilando as trazas que aínda eran crus nos tempos en que a pintaron os mestres holandeses (os cartógrafos Ortelius, Blaeu) pero os cambios non son dramáticos no 'rosto do país', son os dunha cara pola que van pasando os anos. O exercicio e mirar mapas parécese ao de mirar nubes, e se un pasa tempo abondo mirando Galicia atopará doadamente esa cara. As rías son o trazo máis sobresaínte dese mapa para nós, pero non sempre foi así (mesmo a palabra 'ría' non ten máis de cento cincuenta anos e foi a idea dun xeógrafo alemán). So coñezo, de feito, unha lenda que explique a creación das rías: a de que son as marcas dos dedos de Deus. É unha lenda fermosa, e sempre que penso nela digo para min: 'As rías foron creadas en domingo...'

I

Otero Pedrayo, Ramón, 1999.
Sereno e grave gozo: ensaios sobre a paisaxe (Vigo: Galaxia).

O mesmo pódese dicir do nome dese logo: 'Galicia'. Con pequenas diferencias fonéticas e gráficas, é o nome co que se coñece e recoñece este recanto da Península Ibérica.

* * *

Aparte de como un logo, tamén é útil pensar no espacio como un obxecto. Éo. ¿De que está feito ese obxecto? De pedra, evidentemente. Todo o planeta está basicamente feito de pedra, a forma máis exitosa e duradeira da materia, a que quizais a representa mellor polo seu ensimesmamento e lonxevidade. No caso de Galicia esa pedra é o granito. Otero Pedraio deixou páxinas maravillosas cando escribiu sobre Galicia como xeógrafo (outra cousa é cando escribiu como filósofo ou como historiador católico). Risco falaba dun 'patriotismo vexetal' e creo que era Cunqueiro quen dicía que a morriña non era máis que a necesidade de clorofila, pero Otero era capaz de ver a traveso do verde superficial que caracteriza a Galicia dos poetas e os turistas para destacar o que, para el, era a esencia da paisaxe galega: o granito.

Para min o carácter primordial de Galicia está na forma do seu modelado, o cal depende da roca fundamental: o granito... o noso é un belísimo macizo granítico traballado polas augas...¹

Non só o granito. Galicia é a combinación de dous materiais: o granito e a arxila, un duro, o outro maleable. A xeografía non ten significado pero si ten poética e hai algo lírico, penso, nesta dualidade. Existen esas dúas Galicias, a da arxila e a do granito, e pódense detectar a simple vista mirando para os tellados das casas: a lousa ou a tella delatan sobre que terreo se asentán as vilas e as cidades. Como sabía Otero, a xeografía non está tan oculta como parece. Levi Strauss concebiu o estruturalismo mirando un gráfico de estratos nun libro sobre glaciares e Darwin non intuía a Teoría da Evolución nas Illas Galápagos, como normalmente se pensa, senón contemplando a obra da erosión en Tierra del Fuego.

Seguindo con este obxecto chamado Galicia hai algo no que é máis difícil reparar cando se mira un mapa bidimensional. Nel pérdese a forma, que condiciona tanto o resultado, neste caso a figura xeométrica que chamamos Galicia. Convén reparar na topoloxía da cuestión. Se se vise nun modelo tridimensional observaríase que o país é como unha mesa inclinada, unha rampla que baixa desde os montes Orientais cara o Atlántico. Foi esa basculación do zócalo granítico a que deu lugar, por inundación, ás rías; e diríase que case que todo foi caendo por esa rampla e concentrándose na ribeira atlántica: as vilas, as persoas, as infraestruturas, mesmo os cartos. Máis que dunha Galicia 'interior' ou 'exterior' quizais habería que falar dunha Galicia 'de arriba' e outra 'de abaixo', cunha inclinación que parece favorecer á de abaixo... Non é simple poesía. A menor altitude da Galicia occidental explica en parte a súa maior poboación, os seus portos máis agarimosos que os do norte da provincia de Lugo, a dirección dos cursos de auga e, como consecuencia de todo isto, a dirección das estradas. Non sería esaxerado dicir que esa inclinación de Galicia pesa ao longo de toda a súa historia. Pero ¿como poden os historiadores medir a influencia duns graos de inclinación e atopar o seu efecto no decreto dun rei, por exemplo?

Todos esos trazos físicos son exactamente iso, trazos físicos: unha pequena coxeira dun pé, uns pulmóns grandes, un pouco de tose reumática. Galicia, como todo o suxeito da historia, é un corpo, un macrocosmos do microcosmos do home. Galicia é un organismo.

Falabamos das estradas galegas, e teño eu pensado algunha vez que presentan a forma da circulación sanguínea. Hai unha 'circulación maior' que leva osíxeno desde os lugares máis afastados, e unha 'circulación menor' que bombea a maior parte do sangue entre os ventrículos e aurículas do país, as cidades do eixo atlántico, as que Xosé Cermeño chamaba ironicamente nun libro: 'A Cidade grande', 'A Cidade mediana', 'A Outra Cidade grande' e 'A Cidade pequena a carón da outra grande'.² As cidades en Galicia son así: son variedades sobre o tema da cidade, non hai dúas iguais e cada unha ocupa un lugar determinado nun ranking imaxinario. En realidade ningunha delas é unha cidade senón unha agrupación circunstancial de barrios, unha delas mesmo se chama así *vicus*, 'barrio' e a outra ten un nome absurdamente disputado (A Coruña/Coruña/La Coruña) cando na súa xeografía urbana, na súa socioloxía e memoria todo coruñés sabe que non hai tal cidade senón dous barrios que, como Buda e Pest, seguen a ser visibles a pesar da súa unión. Mentres tanto, o núcleo que foi realmente a cidade (O Castro) e o que quixo selo (O Burgo) están agora *fóra* desa cidade.

Antes mencionabamos a lenda que quere que as rías de Galicia sexan as marcas da man de Deus, pero a propia Galicia ten a forma dunha man, unha man cara arriba, incluídos os rebordes montañosos, a rede de ríos e as valgadas. Concretamente é unha man esquerda. Falabamos do mapa como logo, e velaí o logo que á vez o debuxo dun órgano. Ramón Castromil escribiu aquel libro sobre o poder da man (era pianista), pero agora non lembro se mencionaba Galicia nesa contemplación da parte do noso corpo que máis se relaciona co verbo 'facер'.

Galicia é, pois, obxecto, organismo, corpo... É tamén útil imaxinala como un texto. Isto é particularmente certo deste país que presenta unha verbosidade singular. É sabido que a metade dos topónimos da Península Ibérica se atopan en Galicia. Esta compulsión 'adámica', de dar nomes a todo, é a consecuencia de dúas cousas: a superpoboación crónica do país e o uso intensivo do espazo. Pero os topónimos non son só etiquetas postas nun prado ou nunha lameira, non son unicamente mostras de propiedade: son regras mnemotécnicas, son próteses da memoria. A toponimia é unha historia, un relato, unha narrativa. Estas listas de nomes son, como lles chamaban os aborixes australianos 'os trazos da canción' que permiten atribuír cada espazo a unha xerarquía do tempo e da lembranza. Xa antes dixemos que os mariñeiros da Alta Idade Media non dispuñan de mapas para navegar a costa galega, senón tan só de listas de nomes (posiblemente, a maioría sabíanos de memoria): Galicia daquela xa era un texto, un conxunto de nomes do que o único que importaba era a orde que seguían. Este é o sentido do fermoso poema que escribiu Luísa Castro, filla dun mariñeiro do século XX, que é tan só a secuencia de topónimos da costa cantábrica:

*Fisioloxía de Galicia,
unha introdución*
Miguel-Anxo Murado

3

Castro, Luísa, 1988. 'Derradeira
viaxen en bicicleta de Nevermore'
Baleas, baleas (Ferrol: Sociedad de
Cultura Valle-Inclán).

4

Novoneyra, Uxío, 1955. 'A
Serán dos prados' *Os Eidos* (Vigo:
Galaxia).

Baiona
Donosti
Guetaria
Zumaia
Orio
Ondárroa
Lekeitio
San Xoan de Luz
Irlanda³

Tamén a Galicia labrega ten fascinación polos nomes. Un poema similar ao de Luísa Castro, só que neste caso mencionando nomes de campos e prados, pódese atopar en *Os Eidos* de Novoneyra.

Peneirar do peneiriño
Polo Noval e Fontela!...
Prados do Val d-Asnela
E do Campo do Muíño⁴

É un exemplo de moitos. *Os eidos* é, en si mesmo, unha celebración non da paisaxe, senón do *texto* da paisaxe, da fonética dos topónimos que provocan unha emoción especial no poeta. Non é un caso único: son varios os poetas, en distintas épocas, que consideraron suficientemente fermosa a repetición dunha serie de nomes de lugar como para constituíren un poema. O Cunqueiro que contemplou extasiado o mapa de Fontán no antigo Instituto de Lugo, cando rapaz, deleitábase sobre todo vendo como os nomes das aldeas, que ata o entón foran para el unicamente literatura oral, aparecían de repente convertidos en texto.

Ese texto da toponimia de Galicia hai que lelo como o que é: como un palimpsesto no que sucesivos autores foron escribindo e reescribindo, riscando e completando. Como todas as grandes obras literarias, como *A Ilíada* ou *a Odisea*, é unha obra anónima, colectiva, o seu verdadeiro autor é o tempo. A toponimia está suxeita á erosión tanto como a codia da terra, porque a historia non é máis que outra variedade da erosión.

Pódese ler esa crónica da terra de maneira diacrítica; parece a historia dun neno que vai aprendendo a falar: comeza con nomes antiquísimos, que son simples descrições da paisaxe, topónimos de raíz preindoeuropea como *ara, *arn, *art ('val'): Aranga, Arnoia, Arteixo, Suarna; como *bar ("costa, desnivel): Barbantes, Baranza, Baroña, Barcia. Nesa infancia da poboación da terra foron nomes como os que dan os nenos: simples, directos, amplos, imprecisos. Moitos non son máis que diferentes maneiras de chamar á pedra, que logo se foron diversificando: Caaveiro, Gándara, Candán, Boimorto, Corme... procedentes de raíces como *cal, *cant, *cand, ou *mor; ou *corn... Todos eles significando simplemente "pedra".

Logo hai outro estrato de nomes célticos (polo que poida valer esta expresión hoxe en día) que son máis precisos, como se o neno que di os nomes das cousas empezase a distinguilas e valoralas: Cambados, Camba, Combarro, Cangas (todos eles de *camb-, 'cousa curva') ou Bergantiños, Coimbra, Dumbría, Bergondo (a partir da raíz *briga 'monte, altura desde a que se ve').

Logo o neno aprende a dicir 'meu', e así temos unha serie de topónimos romanos que parte do nome dun antigo propietario rural: Vilapedre,

*Fisioloxía de Galicia,
unha introdución*
Miguel-Anxo Murado

5

Navaza, Gonzalo 'Prefacio' a
Cabeza Quiles (1992).

6

Cabeza Quiles, Fernando,
1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de
Galicia: a súa orixe e o seu significado*
(Vigo: Xerais).

7

Lamas, Santiago, 2004. *Galicia
borrosa* (Sada: Edicións do Castro).

8

Ortega y Gasset, José, 1983.
*La filosofía de la Historia de Hegel y
la Historiología en Obras completas*
(Madrid: Revista de Occidente).

Vilaxuste, Vilaquinte (*Villa Quinti*) que logo, coa chegada dos suevos, adopta un nome xermánico: Guitiriz, Mondariz, Aldegunde... É algo que non cesou. Galicia é un país obsesionado coa propiedade da terra.

Os nomes medievais fálannos do poder da igrexa en Galicia e o centro dese poder: os almacéns do dezmo: Celeiro (para o grao), Cisterna (para as castañas), Adegas... Fálannos tamén dos intentos infructuosos por parte do rei de crear bases de poder (as 'Pueblas', galeguizadas como 'Pobras'), da medra da poboación en torno ao século XII (as 'Vilanovas').

Como di Gonzalo Navaza, 'a toponimia constitúe un sistema, coas súas constantes, as súas variables e as súas leis internas, dentro do sistema xeral da lingua', pero ao mesmo tempo, é unha lingua en si mesma, un idioma que só fala a terra.⁵ Na fala, por exemplo, optouse a forma do latín vulgar 'carballo' pero a terra preferiu a forma culta *quercus robur*: Cerqueiro, Reboredo, Reboreda, Cerquiños, Carqueixo... ¿Por que?

Os nomes da terra delátannos a maneira en que foi explotada (Cernadas, Rozas, Queimadelos), en que foi parcelada (Cortiña, A Grela, Chousa) ou cal é o secreto que encirra. Este o caso, por exemplo, de Buño, do latín *buda*, 'xunco'. Este é un tipo de vexetación que se dá en terras arxilas e, por tanto, de oleiros, como é o caso de Buño. O chamado Oleiros, en cambio, non ten que ver cos oleiros, igual que en Santa María do Azougue non había azougue (mercurio), por moito que se buscou durante o século XVIII, fiándose do que a terra dicía. A terra engana tamén (neste caso, polo visto Azougue ven do árabe *al-suqq*, 'mercado').⁶

Os chineses chamaban á realidade 'os dez mil nomes'. Nas crónicas xaponesas 'os dez mil nomes' é unha maneira eufemística de referirse á xente humilde. En Galicia hai polo menos 30.000 nomes, se tan só contamos os de lugar, máis millóns de micro-topónimos. É a realidade, e é a xente humilde.

* * *

Sobre ese texto da paisaxe, sobre este espazo, e ao longo deste tempo estendeuse ese outro texto que é a cultura.

Leva razón Santiago Lamas cando di que a cultura galega tamén ten un sentido espacial, organízase fisicamente no territorio: Un foco estaría, segundo Lamas, en torno á Praza do Ferro de Ourense. El fai o conto: separados por poucos metros, viven sucesiva ou contemporaneamente Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, Blanco Amor e Xaquín Lorenzo. Ao mesmo tempo, nun pequeno espazo da Ría de Arousa temos a Castelao, Manuel Antonio, Cabanillas, Dieste, Camba, Valle Inclán...⁷ A poesía luguesa é, ata finais do século XX, inconfundible pola súa paisaxe, de Leiras a Manuel María. Non é só a lingua a que delata o humus do que nace a literatura; hai un senso de lugar, unha posta en escena.

A cultura. Resístome a chamala cultura galega. O lóxico sería entendela como a cultura en Galicia. A meirande parte desa cultura é unha parcela do universal, unha dimensión que nunca deberíamos perder de vista.

A chamada poesía galego-portuguesa é un exemplo da estrañeza á que conduce aplicar criterios modernos ao pasado da cultura. Hoxe interésanos a lingua na que está escrita, que era o que menos lles importaba aos que a escribían. Facían dentro dunha tradición que non só non era galega (nin portuguesa) senón esencialmente europea. Os seus modelos eran provenzais e árabes, a súa audiencia castelá e francesa. Sospeito que a lingua era un instrumento pero non unha identidade, era todo o contrario a unha

identidade. Moitos non eran galegos, e non só me refiro ao rei Afonso X, de quen sospeito que nin escribiu unha liña dos traballos que se lle atribúen. Enténdese a súa mitificación como gran tesouro nacional. O redescubrimiento desta poesía polo galeguismo cumpriu unha función comprensible: a de dar profundidade á literatura galega. Como as familias de antes, que inventaban devanceiros gloriosos, a Galicia dos anos vinte e trinta quíxose proxectar no pasado. Estivo ben, pero non podemos seguir insistindo nunha ficticia idea de continuidade na literatura galega a partir desa poesía. Non a hai. Esa poesía non tivo seguidores, non deu lugar a unha tradición que chegue ata a actualidade. O neotrobadorismo foi unha moda, non a continuación dunha estirpe histórica.

Detéñome un momento para sinalar a pouca importancia que ten isto. A mesma demolición pódese facer con calquera literatura nacional, porque coa literatura nacional sucede o que co a historia nacional: é unha secuencia construída artificialmente na que se privilexian uns aspectos e se ignoran outros fundamentais. A novela española do XIX está influída pola francesa, non é unha continuación de Cervantes; a poesía do 'século de Ouro' español é fundamentalmente un proseguir da tradición poética italiana (Quevedo mesmo escribía ás veces en italiano). O 'século de Ouro' español é tanto Roma e Nápoles como Sevilla. A historia nacional precisa dunha revisión radical, a historia da arte (e da literatura) non resistiría un mínimo escrutinio.

Orosio, Exeria e Hidacio hai que estudialos no contexto do Imperio Bizantino, o mundo no que eles pensaban, aínda que vivisen na Galicia sueva ou visigótica. A cultura medieval galega é parte da globalización medieval, e non ten sentido vela nin como unha provincia cultural de Castela (como fai a Historia de España) nin como unha singularidade nosa. Non podemos seguir falando de 'séculos escuros' tan só porque non se produciu o que hoxe recoñecemos como literatura. Todos os países teñen séculos nos que non se escribe nada para as clases adíñeiradas. Tampouco podemos seguir falando do Rexurdimento como unha aparición mesiánica, cando non foi máis que a consecuencia lóxica (e de dimensións europeas) a auxe do anticuarismo e as facilidades para a publicación e distribución de libros. Non podemos seguir facendo unha historia épica de Galicia na que todo se mide en 'logros' en 'perdas', en 'primeiras veces' e 'ausencias', como se a literatura tivese que conformarse con un modelo único de desenvolvemento. Porque se o facemos, será, inevitablemente, innecesariamente, unha historia chea de fracasos.

* * *

Mirada brevemente a psique, consideremos agora un momento a vida dese corpo, o movemento dese obxecto, o uso que se lle deu. Iso é o que chamamos Historia.

Pero ¿sirve realmente para algo a Historia? Dicía Ortega, nunha das súas raras frases afortunadas, que a 'alma reside na memoria'.⁸ Pero hoxe desconfiamos da existencia da memoria. Os psicólogos din que non podemos lembrar a realidade, senón lembrar o recordo do feito e logo o recordo do recordo

Como historiador, teño dúbidas a respecto da Historia. Diciamos que a xeografía é un texto. Igualmente poderíase dicir que os textos son unha xeografía: cambiantes, diferentes segundo desde onde se miren, relativos á paisaxe que hai arredor deles. Tamén os textos están sometidos á

erosión, á selección azarosa, ás mesturas. Tamén dependen do uso que se lle deu: se acaso foron cultivados, rozados ou deixados en barbeito. Canta máis historia leo, menos confianza me inspiran os textos. Abandonei a arqueoloxía, a miña vocación inicial, porque deixei de crer na existencia dunha lóxica na preservación. Agora os textos antóllanseme aínda menos fiables que a arqueoloxía.

Teño dúbidas tamén do sentido de facer historia nacional. As historias nacionais son como as orquestras sinfónicas: están pensadas para tocar a música do romanticismo. Non serven para interpretar a música que se compuxo antes delas e forzan aos compositores contemporáneos, pola súa mera existencia, a escribir música sinfónica. A historia nacional é unha fantasía, unha teleoloxía que crea unha falsa idea de continuidade ata chegar ao presente e considera unha anomalía todo o que non encaixa nese proceso prexulgado. A Historia de España é así. Por iso exclúe a Galicia, porque Galicia é unha anomalía permanente que contradí a continuidade, a totalidade e o sentido do propósito que en teoría debería presidir esa entelequia da nación española.

Pódese facer unha Historia de Galicia, por suposto. Pódese porque, a diferenza de España ou Britania, Galicia non é un concepto, é un lugar. Pódese facer a historia dun espazo ao longo do tempo, ¿por que non? Pero aínda así eu rexeitaría a forma en que se fai.

Por unha parte, rexeitaría ese énfase excesivo na historia do poder político. Hai moitos momentos da Historia de Galicia nos que non importa nada ou a penas importa o poder político. Hai períodos nos que importa máis saber dos cambios na paisaxe que dos cambios na Corte. Hai séculos que non protagoniza o ser humano e hai séculos, como este noso, nos que o ser humano imponse á terra e a silencia. Creo que é un erro estudar Galicia como unha parte de España e que é un erro estudiala como se España non tivese existido; en ambos casos, a historia convértese nunha busca da singularidade, sempre a comparar cun referente, nunha non-historia.

Unha mirada inocente sobre a Historia de Galicia mostraríanos cousas sorprendentes. Galicia, por exemplo, foi, durante a última glaciación, un dos poucos 'refuxios europeos'. Europa era pouco máis que unha presa de individuos e boa parte deles resistiron a extinción no espazo que hoxe é Galicia. O baixo nivel do mar entón facía que Galicia tivese unha forma completamente diferente (nunca tan grande foi). Velaí un momento estelar da Historia pasado por alto. A romanización, en cambio, tan só me parece un episodio epidérmico, case sen interese (foi breve, non moi intensa e fracasou). Galicia ten moita Idade Media, pero os medievalistas seguen obsesionados co seu labor de descifrado dos textos, ese repositorio de medias verdades selectivas e *a posteriori*. Como pasa coas normas da creación, que hai que aprendelas para logo poder rachalas, o *corpus* textual da Idade Media galega habería que lelo só para ver ata que punto está en contradicción do sentido común, a única cousa que compartimos coas xentes do pasado, a secreta e pouco usada ferramenta dos historiadores.

A historia dun país rural, dun espazo 'sen cidades' require dunha maior atención á historia do clima atmosférico, aos usos da terra, á antropoloxía da parroquia. A Historia de Galicia non é singular, pero Galicia é singular a respecto da Historia. Teño o convencemento de que Galicia non encaixa no paradigma histórico europeo convencional, requírese outro. ¿Cal?, isto é xa outra cuestión que non me sinto preparado para responder. Abonda con dicir que a Historia de Galicia que se nos ofrece desde o

romanticismo resulta insatisfactoria: primeiro houbo ese titánico esforzo de Murguía por construír unha historia nacional partindo dos mesmos textos que se opoñían a esa idea de nación; logo houbo ese refuxio cuantitativista no que se reduciu a Historia a unha enquisa documental fragmentaria, útil, necesaria, pero estéril se non se conclúe con hipóteses e teorías... E así sucesivamente.

Falo, por suposto, da historia académica, da que poucos saben. Existe esoutra historia que no fondo é a que importa para a imaxe de si mesma dunha sociedade: a historia como mito, a lenda, o pasado imaxinario: os celtas, o marqués Pardo de Cela, Prisciliano, e os 'mouros'. Os historiadores de hoxe horrorízanse perante as ideas absurdas que os galegos se fan do seu propio pasado. Esquecen que foron historiadores de xeracións pasadas, aínda reverenciados, quen introduciron esas ideas que agora parecen tan equivocadas, e que se funcionaron é porque respondían a preguntas que a xente se facía. Os celtas saíron a patadas da universidade, pero apoderáronse da rúa. Para os contemporaneistas, os 'mártires de Carral' son pouco máis que un episodio da política interna española, pero o seu monumento é xa, como admite o historiador Villares 'o primeiro lugar da memoria' do galeguismo. Igual que o rumor é o substituto da noticia, a lenda é o substitutivo da historia cando non se fai a tempo. E rumor e lenda propáganse máis rápido e resisten mellor o paso do tempo que xornalismo e Historia.

Os historiadores tenden a esquecer que unha vez que un pronuncia unha palabra crea unha cousa e que eles, cos seus erros, crean Historia. O mesmo historiador que ridiculiza a (máis que posiblemente errónea) 'tese celta' en Galicia non ten problema en citar un texto do máis que posiblemente erróneo Estrabón. Todos cremos en lendas, a diferenza entre ciencia e superstición é tan só o grao de escepticismo co que as tomamos.

¿Non hai nada, pois, que dicir da Historia de Galicia para incluílo nesta rápida fisioloxía? ¿Non é a memoria unha parte importante dunha análise fisiolóxica? Si, claro. Pero é mellor contemplar a historia doutro xeito, penso: non como unha secuencia de eventos senón como unha presenza deses eventos ao noso arredor. A memoria de Galicia está presente por todas partes, é un parque temático de si mesma. Pensemos nos 20.000 xacementos arqueolóxicos que están practicamente á vista nas leiras, xunto aos camiños, mesmo no interior das cidades, disimulados entre o cemento e as construcións modernas. Pensemos nas 4.000 igrexas, nos límites parroquiais e que, cos seus cemiterios, son a xeografía do outro mundo inscrita neste. Todo país contén a súa Historia, como a todo home e muller pónselles a cara do que viviron. O pasado, en Galicia, está presente.

* * *

E chegamos ao final ¿E cal é ese presente? ¿Qué é Galicia hoxe en día? Para os que a coñecemos desde hai décadas, está claro que a Galicia actual é un produto da Autonomía. Pero esa Autonomía non deixa de ser en si mesma un retorno ao que foi o sistema político que dominou durante os mil anos da Galicia medieval. Galicia volve xirar en torno un centro de poder establecido en Santiago. Está vinculada a unha administración estatal (Castela entón, España agora) pero as diferenzas xeográficas e sociais fan que a súa marcha na historia transcorra na marxe desoutro poder.

Tamén pódese observar unha curiosa continuidade entre a Galicia medieval e a actual canto á súa relación co exterior. A forza da

xeografía, que creou no seu momento unha Gallaecia con dous *conventus*, o Braccarense e o Lucense, forzou a creación dunha Eurorexión que, sen pretendelo, volvía ter os límites da antiga diocese romana e o reino dos suevos. Do mesmo xeito, a potencia de emisión dos repetidores da TVG e da Radio Galega fixeron espertar en Asturias e Castela e León unha 'Galicia irredenta' da que xa poucos se lembraban. O Camiño de Santiago volve ser a vía de comunicación con Europa canto á cultura, e volve ser un produto esencialmente franco-alemán. As institucións con sé en Compostela volven ser os patróns das artes e os sponsors da creación en Galicia.

Ata se pode ver que hai algo inevitablemente histórico na colonización dalgúns sectores productivos galegos importantes (o leite, a pesca, o motor) por empresas francesas. Quizais habería que velo como o retorno dunha lóxica medieval na que, abolidas ou minimizadas as fronteiras artificiais, os centros económicos relaciónanse entre si por afinidades electivas. Galicia pertence ao mundo do 'lago atlántico' do que o occidente francés é unha parte esencial. Co que Galicia segue tendo dificultades de relación é co resto da Península Ibérica, un espazo ao que, despois de tantos séculos, segue sen acomodarse. A lentitude na construción dos camiños reais no s. XVIII, o atraso do tren no s. XIX, a tardanza das autovías no s. XX eran síntomas dese estar mal a gusto... E agora faise o mesmo discurso sobre o tren de alta velocidade. ¿E non será que ao mellor non habería que ver todo isto como 'atrasos' senón como a resistencia innata do espazo económico a organizarse dun xeito que non lle é natural?

Por volver á metáfora do corpo, a fisioloxía de Galicia non se acomoda co lugar que lle tocou en sorte, non pode estirar as pernas, non ten osíxeno, precisa uns baños de mar... Non sei, non quero diagnosticala.

